



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Sector audiovisual		Código	616G01007
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	López Golán, Mónica	Correo electrónico	monica.lopez.golan@udc.es	
Profesorado	López Golán, Mónica	Correo electrónico	monica.lopez.golan@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Sector Audiovisual ofrece ao alumno os coñecementos específicos sobre o funcionamento institucional, económico e político do sistema audiovisual e dos actores que o integran (administración, empresas, soportes e audiencias). Preténdese unha aproximación ao sector audiovisual como industria. Os profesionais da comunicación audiovisual necesitan saber como operan e interrelaciónanse os medios, as tecnoloxías e os produtos nun campo de actividade económica de crecente peso e influencia.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos: Non se realizarán cambios. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen: Mantéñense todas as metodoloxías docentes. *Metodoloxías docentes que se modifican: A proba de resposta breve podería trocarse por un exame tipo test, a través de Moodle, se a situación así o require. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: Moodle: é a canle oficial de información aos estudantes con todas as cuestións que afectan á materia. Publicarase información semanal (como mínimo). Correo electrónico personalizado: dispoñible en horario laboral ampliado. Microsoft Teams: titorías persoais ou grupais. Sempre que os estudantes o soliciten ou o docente o considere necesario. 4. Modificacións na avaliación: Ningunha *Observacións de avaliación: Ningunha 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Se é necesario, as fontes de información poñeranse ao dispor dos estudantes en formato dixital.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A3	Xestionar proxectos audiovisuais.
A4	Investigar e analizar a comunicación audiovisual.
A6	Coñecelo sector audiovisual: a oferta e as audiencias.
A9	Coñecelos modelos de xestión.
A10	Coñecelo marco legal e deontolóxico.
B1	Que os estudantes demostraran posuír e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoitan atoparse nun nivel que, se ben se apoia en libros de textos avanzados, inclúe tamén algún aspecto que implica coñecementos procedentes da vangarda do seu eido de estudo.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan amosarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que acheguen unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado



B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe precisas para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B9	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implanter solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C1	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C2	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C3	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C4	Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer a estrutura do sistema audiovisual español e internacional a partir da análise da radio, a televisión, o cinema, a animación e internet como mercado de produtos audiovisuais.	A3	B1	C1
	A4	B2	C4
	A6	B3	
	A9	B4	
	A10	B5	
Análise dos elementos estruturais do mercado audiovisual mediante técnicas cuantitativas e cualitativas.	A4	B2	C1
	A6	B3	C3
		B4	C4
		B5	
Adquirir os hábitos de traballo individual e colaborativo para desempeñarse profesionalmente no sector audiovisual. Tomar decisións, asumir riscos e afrontar con madurez os acertos e erros derivados das mesmas. Capacidade de organización e temporalización das tarefas. Consultar se se necesita orientación: chegar a tempo coas preguntas e as dúbidas.	A3	B2	C2
	A4	B3	C3
	A6	B4	C4
	A9	B5	

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. O sector audiovisual en España	- Configuración na etapa democrática (dende 1977 ata a actualidade). - O sector audiovisual no contexto dos sectores económicos españois. - Os grupos audiovisuais.
Tema 2. O sector radiofónico	- Configuración do sector radiofónico. - Datos estruturais do sector radiofónico. - Tendencias.
Tema 3. O sector televisivo	- Configuración do sector televisivo. - Datos estruturais do sector televisivo. - Tendencias.
Tema 4. O sector cinematoográfico	- Marco regulatorio europeo e español. - Cadea de valor: produción-distribución-exhibición - Políticas de fomento da cinematografía. - Premios e festivais.
Tema 5. O sector da animación	- A animación, industria global. - A animación e os efectos visuais en España. - Tendencias e retos.
Tema 6. Internet como centro dos cambios no sector audiovisual	- Transformacións nos modelos de produción, distribución e consumo.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 A4 A6 A9 A10 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C4	26	30	56
Análise de fontes documentais	A4 A6 B2 B3 B4 B5 C1 C3 C4	8	4	12
Obradoiro	A6 A9 B3 B9 C2 C3 C4	10	10	20
Aprendizaxe colaborativa	A4 A6 A9 B2 B3 B4 B5 B9 C2 C3 C4	12	24	36
Proba mixta	B1 B2 B3 B4 C2	4	20	24
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións expositivas online nas que se explicarán os aspectos principais dos bloques temáticos que comprende a materia. Un dos seus obxectivos é facilitar a aprendizaxe dos conceptos propios desta disciplina. Os materiais necesarios para estudar a materia poñeranse ao dispor dos estudantes e complementaranse con sesións online síncronas ou asíncronas. Estas sesións poderán ter formato de debate ou foro virtual. É conveniente que o alumno dedique polo menos unha hora de traballo persoal para cada sesión expositiva, para reflexionar sobre o explicado e expoñer a tempo as súas dúbidas e comentarios.
Análise de fontes documentais	Busca, selección e sistematización de fontes de información de referencia sobre os sectores estudados, e sobre os grupos de comunicación. Interpretación da información obtida nas devanditas fontes: informes sectoriais, informes económico-financeiros, datos estatísticos. É conveniente que o alumno dedique polo menos unha hora de traballo persoal por cada clase de análise de fontes, para reflexionar sobre o explicado e expoñer a tempo as súas dúbidas e comentarios.
Obradoiro	Actividades que se realizarán individualmente ou en grupo durante as sesións interactivas.
Aprendizaxe colaborativa	Para lograr a aprendizaxe do alumno sobre as características e situación actual dos distintos sectores que abrangue esta materia, realizarase un traballo en grupo. Deste modo preténdese alcanzar unha aprendizaxe dinámica sobre uns contidos que son en si mesmos cambiantes, e polo tanto, o máis importante é que os alumnos saiban que é relevante actualizar, cales son as fontes de información significativas e como utilízalas.
Proba mixta	Exames sobre a materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa Obradoiro	O docente da materia estará a disposición dos alumnos nas súas horas de tutoría e a través do correo electrónico para as necesarias orientacións e seguimento nestas actividades.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Aprendizaxe colaborativa	A4 A6 A9 B2 B3 B4 B5 B9 C2 C3 C4	Traballo en grupo no que se valora tanto o resultado como o proceso. A cualificación de cada alumno integrante do grupo podería ser diferente en función da súa achega e compromiso. A asistencia ás clases relativas a esta actividade é obrigatoria, e terase en conta para a cualificación de cada alumno. A participación neste traballo é obrigatoria para optar á avaliación da materia.	20
Proba mixta	B1 B2 B3 B4 C2	Exames. É necesario obter un mínimo de tres puntos para que esta cualificación faga media coas outras probas e traballos previstos nesta avaliación. Se non se alcanza este mínimo, a materia resulta automaticamente suspensa	40
Obradoiro	A6 A9 B3 B9 C2 C3 C4	Aprendizaxe práctica aplicada ao traballo individual ou en equipo para a consecución de obxectivos. A participación nestes traballos é obrigatoria para optar á avaliación da materia.	40

Observacións avaliación

Ortografía: as posibles faltas de ortografía nos exames e traballos baixarán de modo significativo a cualificación dos mesmos.

Os alumnos deberán consultar diariamente o Moodle, porque a través deste espazo docente virtual comunicáraselles toda a información necesaria sobre a materia: documentos, avisos e cualificacións.

Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: as actividades de avaliación e a súa valoración serán iguais. O traballo en grupo previsto poderá facelo individualmente, se é necesario. A través das titorías, o docente adaptará ás circunstancias do alumno/a ás datas para realizar as actividades e facilitaralle a orientación necesaria para cursar a materia.

Fontes de información



Bibliografía básica	- AUDIOVISUAL451 (). Audiovisual451. El medio online de la industria audiovisual. https://www.audiovisual451.com/ - CARRILLO BERNAL, Javier (2018). Paradigma Netflix. El entretenimiento de algoritmo. Barcelona: Editorial UOC - DIBOOS (2018). Libro Blanco de la industria española de la animación y los efectos visuales. Madrid: Diboos - FERNÁNDEZ ALONSO, Isabel (ed.) (2017). Austeridad y clientelismo. Política audiovisual en España en el contexto mediterráneo y de la crisis financiera. Barcelona: Gedisa - GUTIÉRREZ MONTES, Eladio (coord.) (2017). Televisión Abierta. Situación actual y tendencias de futuro de la TDT. Madrid: Colegio Oficial de Ingenieros de Telecomunicaciones - HERBERA, J.; LINARES, R. y NEIRA, E. (2015). Márketing Cinematográfico. Cómo promocionar una película en el entorno digital. Barcelona: Editorial UOC - HEREDERO, Carlos F. y CAIMÁN CUADERNOS DE CINE (2019). Industria del cine y el audiovisual en España. Estado de la cuestión (2015-2018). Málaga: Festival de Málaga Cine en español - INNOVACIÓN AUDIOVISUAL (). Innovación Audiovisual. Blog colaborativo. https://innovacionaudiovisual.com/ - MIÑARRO, Laura (2013). Cómo vender una obra audiovisual : una aproximación a la distribución de contenidos audiovisuales. Barcelona: Editorial UOC - MUNDOPLUS.TV (). Mundoplus.tv. Televisión digital en España. http://www.mundoplus.tv/ - OBSERVATORIO EUROPEO DEL AUDIOVISUAL (). Yearbook. Television, VOD, cinema and video in 40 European States: markets and players, services and usage. Estrasburgo: OBS. Consejo de Europa - PEDRERO, Luis Miguel (). Pantallas, ondas, frames y bits. Semanario online. https://paper.li/luismpedrero/1322421870#/ - SGAE (). Anuario SGAE de las artes escénicas, musicales y audiovisuales. Madrid: Fundación Autor-SGAE
Bibliografía complementaria	- BONET, Montse (coord.) (2016). El imperio del aire. Espectro radioeléctrico y radiodifusión. Barcelona: Editorial UOC - INFANTE PINEDA, Sara (2018). Vivir la radio: empresa, tecnología y audiencia. Barcelona: Editorial UOC - NEIRA, Elena (2015). La otra pantalla : redes sociales, móviles y la nueva televisión. Barcelona: Editorial UOC - VAN DIJCK, José (2016). La cultura de la conectividad : una historia crítica de las redes sociales. Buenos Aires: Siglo XXI

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia da Radio, a Televisión e a Multimedia/616G01002

Comunicación e industrias culturais/616G01009

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito/616G01005

Historia do cine e da animación/616G01006

Empresa/616G01010

Materias que continúan o temario

Estudo da audiencia/616G01020

Organización e produción audiovisual/616G01029

Observacións

Estudo persoal: nada pode

suplir o tempo que o alumno necesita para pensar e entender os contidos.

Nesta materia non se require tanto un exercicio de memoria como un

traballo continuado que permita incorporar os coñecementos. Os alumnos deberán consultar diariamente o Moodle,

porque a través deste espazo docente virtual comunicáraselles toda a

información necesaria sobre a materia: documentos, avisos e

cualificacións.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías